



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Secretaría Xeral de Medio Rural
e Montes

Dirección Xeral de Producción Agropecuaria

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 544 777 Fax: 981 957 302
<http://mediorural.xunta.es>

galicia

CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS
Rúa Profesora María Puga Cerdido-(Matogrande), 8
15009 A Coruña

A normativa comunitaria e estatal de identificación equina obriga a que os animais das especies equinas se identifiquen antes de cumprir os seis meses de idade desde a data de nacemento ou ben antes do 31 de decembro do ano de nacemento, podendo elixir o titular do animal calquera destas dúas datas. En calquera caso, e independentemente destes prazos, se os animais abandonan a explotación aínda que non se cumpriran eses prazos, deben ser inescusablemente identificados antes de que abandonen a explotación.

Por outra banda, a normativa estatal de identificación equina, considera que aos animais identificados fora dos prazos legais de identificación descritos, se lles debe expedir no momento da súa identificación un Documento de Identificación Equina (DIE) substitutivo no que o animal quede marcado como non apto para consumo humano con carácter permanente.

En Galicia, existe unha ampla poboación de animais equinos criados e mantidos en réxime silvestre ou semisilvestre nos montes galegos, cuxo sistema de crianza e manexo, moitas veces circunscrito exclusivamente ás concentracións anuais ou "curros" en determinadas datas, fan difícil o cumprimento dos prazos legais de identificación dos novos animais nados. Para estas poboacións silvestres ou semisilvestres, a normativa europea e estatal de identificación equina, permite a exención da identificación nos prazos regulamentarios descritos sempre que eses animais non abandonen as zonas onde se manteñen nesas condicións de cría en semilibertade ou ben sexan domesticados.

Para garantir o cumprimento da normativa vixente en canto aos prazos obrigatorios de identificación dos équidos e ao mesmo tempo contemplar as especiais circunstancias que concorren nas poboacións equinas de gando de monte en Galicia, cómpre informar aos veterinarios colexiados e especialmente aqueles autorizados pola Consellería do Medio Rural e do Mar para a identificación equina, dos seguintes aspectos:

- **Os titulares de animais equinos** que soliciten a identificación dos seus animais **deben ser informados claramente de que si os animais para os que se solicita a identificación se atopan fora dos prazos regulamentarios** contemplados, 6 meses desde a data de nacemento ou ata o 31 de decembro do ano de nacemento, **lles será expedido un Documento de Identificación Equina**





substitutivo e polo tanto serán considerados como non aptos para o consumo humano de xeito irreversible. Esta cualidade quedará reflectida na sección IX do DIE, sobre aptitude para o consumo, que se lle expida ao animal.

- Unicamente os **animais pertencentes a explotacións equinas** onde se manteñan animais en condicións de **manexo extensivo en condicións silvestres ou semisilvestres** quedarán fora das condicións do punto anterior e polo tanto **poderán permanecer sen identificación fóra dos prazos preceptivos** para levala a cabo.

De acordo coa normativa vixente, a Consellería do Medio Rural e do Mar comunicou o 30 de xuño de 2014 ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a seguinte relación de áreas xeográficas nas que esta excepción se pode levar a efecto; de xeito que esta só poderá ser aplicable naqueles animais equinos pertencentes a explotacións gandeiras de gando equino extensivo rexistradas e situadas nas citadas áreas xeográficas.

PROVINCIA	CONCELLO	SITUACIÓN XEOGRÁFICA DAS EXPLOTACIÓNS EQUINAS	CURRO ASOCIADO
A CORUÑA	CEDEIRA	SERRA DA CAPELADA	RAPA DAS BESTAS DA SERRA DA CAPELADA
	A CAPELA	MONTE FORGOSELO	CURRO DE FORGOSELO
	VIMIANZO	MONTE FARO	CURRO AREOSA
	LOUSAME	MONTE IROITE	CURRO CAMPEDULLA
	PORTO DO SON	MONTE DA ENXA	CURRO DA ENXA
	PUEBLA DE CARAMIÑAL	MONTE DA CUROTA	CURRO DAS CANIZADAS
LUGO	MURAS	SERRA DA GAÑIDOIRA	CURRO DE A GAÑIDOIRA
	MONDOÑEDO	MONTE CARRACEDO/CAMPO DO OSO	CURRO DE CAMPO DO OSO
	VIVEIRO	MONTE DE LERÍN-SAN ANDRÉS DE BOIMENTE	CURRO DE CANDAOSO
	O VALADOURO	MONTE DA XESTA E GRANDA VELLA	CURRO DE SANTO TOMÉ





OURENSE	CARBALLEDA DE AVIA	MONTE	CURRO DAS LACEIRAS
PONTEVEDRA	MORAÑA	MONTE ACIBAL	CURRO DE AMIL
	COTOBADE	MONTE DE VIASCON	CURRO DE CUSPEDRIÑOS
	POIO	MONTE CASTROVE	RAPA DAS BESTAS DO MONTE CASTROVE
	A ESTRADA	MONTE DE SABUCEDO	RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO
	O COVELO	PRADO DA CANDA	CURRO DO PRADO DA CANDA
	A CAÑIZA	MONTE DA PARADANTA	CURRO DE A PARADANTA
	A CAÑIZA	SERRA FARO DO AVIÓN, MONTE PEDROSO	CURRO DO PEDROSO
	OIA	MONTE DE A VALGA	CURRO DE A VALGA
	OIA	SERRA DA GROVA-MONTE DE MOUGÁS	CURRO DE MOUGÁS
	OIA	SERRA DA GROVA-MONTE DE TORROÑA	CURRO DE TORROÑA
	GONDOMAR	SERRA DA GROVA-MONTE DO CEREIXO	CURRO DE SAN CIBRÁN
	GONDOMAR	SERRA DO GALIÑEIRO	CURRO DA SERRA DO GALIÑEIRO
	GONDOMAR	SERRA DO GALIÑEIRO- MONTE ALOIA	CURRO DE MORGADÁNS

Como información adicional, cómpre informar que de acordo co artigo 15, sistema de identificación dos équidos, do *Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zosanitaria dos animais equinos en Galicia*, e considerando que a identificación equina con microchip, incorporación á base de datos de identificación equina e emisión do correspondente DIE é a mellor garantía de asunción de responsabilidades polos posibles danos a terceiros que estes animais podan causar ao longo da súa vida mentres están mantidos nestas condicións de cría en liberdade ou semiliberdade, **esta excepción de identificación fora dos prazos legais establecidos, non poderá ir máis aló da idade de 18 meses de idade nos animais que permanezan nos anteditos espazos.**





A este respecto cómpre informar que **excepcionalmente** no transcurso das identificacións de **gando equino mantido en condicións de liberdade ou semiliberdade** que terán lugar nos distintos curros que se celebrarán en Galicia ao longo dos meses do verán en 2014, permitirase a identificación de calquera animal que supere os prazos legais de identificación (**superara ou non o prazo fixado de 18 meses**) sen necesidade da emisión para estes dun **DIE substitutivo**.

Na aplicación informática SIREGAL fixéronse as modificacións necesarias para levar a cabo correctamente a identificación equina conforme ao exposto neste escrito. Deste xeito, nesta aplicación existen avisos informativos sobre os prazos legais previstos e a posibilidade de identificación fóra destes para os animais pertencentes as citada áreas xeográficas excepciónadas da identificación en prazo; así mesmo, existen filtros informáticos para garantir a identificación correcta dos animais segundo a súa pertenza ou non aos anteditos espazos xeográficos.

Cómpre polo tanto que esta información sexa trasladada o máis axiña posible aos veterinarios colexiados nos Colexios Oficiais Veterinarios Galegos e particularmente aos veterinarios autorizados pola Consellería do Medio Rural e do Mar para a identificación de gando equino en Galicia, de xeito que **estes informen aos titulares de équidos**, que agás os animais incluídos nesta excepción e coas limitacións temporais dos prazos de identificación que se indican arriba, **para o resto de animais equinos, a identificación de animais fora dos prazos regulamentarios implicará a emisión dun DIE substitutivo e consecuentemente a consideración do animal como non apto para consumo humano de xeito irreversible ao longo da vida do animal**.

Co fin de dar unha marxe de tempo para a correcta difusión desta información tanto aos veterinarios identificadores como aos propios titulares de gando equino na Comunidade Autónoma de Galicia, indicouse á empresa xestora da aplicación SIREGAL que a aplicación práctica a nivel informático destas novidades en cando ao sistema de identificación equina, sexa posta en funcionamento de xeito efectivo a partir do **1 de agosto de 2014**.

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciban un cordial saúdo.

Santiago, 11 de xullo de 2014

O Xefe do Servizo de Saúde Animal

Jesús Javier Orejas Fernández

